

PAISAXES

en

PRODUCCIÓN

CURSO DE VERÁN, ALLARIZ 11, 12, 13 e 14 de xullo 2018

1^{er} día mércores 11

9:30 Inauguración do curso. Alcalde do Concello de Allariz

10:00 Mesa redonda "A paisaxe como principio estruturante da ordenación territorial" Presentación do novo Grao de Paisaxe (USC, UDC).

Isabel Aguirre, Directora da Escola Galega da Paisaxe. Fernando Agrasar, Director da E.T.S.A. da Coruña, UDC. Tomás Cuesta, Director da E.P.S, Campus de Lugo, USC. Rubén Lois, Catedrático de Xeografía Rexional, USC.

11:20 Presentación dos temas dos traballos en grupo. T1. Plan de xestión de espazos de alto valor ecolóxico. Carlos Vales. T2. Banco de terras municipal.

Quico Ónega, M^a José Enríquez.

12:20 T3. Morfoloxías. Marta Labastida. T4. Plan de interpretación do patrimonio arqueolóxico. Adolfo Fernández, Dr. en Arqueoloxía, Facultade de Historia, UVigo. T5. Fluxos: Enerxía e Auga. Ángeles Santos. T6. Novas paisaxes. Valerià Paül, Dr. Xeografía, USC.

13:40 Visita didáctica á parroquia de Santa Mariña.

19:00-20:00 Traballo dos grupos

Tema 1. Tutores: Carlos Vales, biólogo CEIDA. Bernardo Varela, Enxeñeiro de Montes. Tema 2. Tutores: Quico Ónega, Enxeñeiro Agrónomo. M^a José Enríquez, Enxeñeira de Montes. Fiz Seixo, Arquitecto, colectivo 1AUN. Tema 3. Tutores: Marta Labastida, Dra. Arquitecta, EAUM. Valerio González Somoza, Arquitecto, colectivo 1AUN. Manuel Rodríguez López, Arquitecto, Fundación RIA. Tema 4. Tutores: Cristina García Fontán, Dra. Arquitecta, ETSAC, UDC. José Somoza, Dr. en Xeografía, Universidade de León. Roi García Camba, Arquitecto, colectivo 1AUN. Tema 5. Tutores: Albert Cuchí, Dr. Arquitecto, E.T.S.A. Vallés y Barcelona, UPC. Ángeles Santos, Dra. Arquitecta, ETSAC, UDC. Tema 6. Tutores: María Goula, Dra. Arquitecta, Cornell University, U.S.A. M^a José Piñeira, Dr. en Xeografía, USC. Marta Somoza, Dra. Arquitecta.

O curso propón imaxinar estratexias de activación da economía local centradas na posta en produción do territorio, na xestión dos recursos ambientais, na administración da dispoñibilidade das terras, na dinamización do patrimonio arqueolóxico, na reflexión sobre novas morfoloxías e na organización dos fluxos de auga e enerxía no medio. As diferentes temáticas quedan relacionadas na percepción da Paisaxe que xeneran e que as acolle, capaz de articular e por en valor os bens ecolóxicos, productivos e culturais do lugar. O curso é fundamentalmente práctico. Os participantes reciben documentación exhaustiva sobre o territorio de varias parroquias allaricanas e plantexan, co apoio dos títos, propostas de activación, en base ás conferencias dos expertos sobre os temas analizados e ao diálogo cos emprendedores locais.

información e inscricións:
www.allariz.gal/paisaxes




VICERREITORÍA DE OFERTA DOCENTE E INNOVACIÓN EDUCATIVA



UNIVERSIDADE DE VERÁN 2018



1 **Plan de xestión de espazos de alto valor ecolóxico.** Proponse analizar os espazos de maior riqueza en biodiversidade -especialmente os núcleos da reserva da biosfera-, para: 1. promover a súa posta en valor a partir da detección dos ecosistemas existentes e as condicións que os hábitats deben presentar para garantir a súa continuidade 2. Analizar a evolución natural das terras en desuso e a conveniencia ou non da sucesión ecolóxica; 3. descubrir as fragilidades dos espazos de alto valor ecolóxico fronte ao lume, e fronte a redución da súa biodiversidade, propondo estratexias e medidas de prevención. 4. Deseñar roteiros, propostas de actividades científicas e de educación ambiental.




P.O.M.M.R. de San Salvador dos Penedos. Oficina técnica Municipal de Allariz



Estudio de coberturas en la parroquia de Sta. Mariña, Allariz. Marta Somoza

2 **Banco de terras municipal:** Gran parte das terras que rodean as aldeas son propiedade de persoas que viven lonxe. Os emprendedores que inician a súa actividade no sector agrogandeiro e silvícola vense limitados pola escasa dispoñibilidade de terras. Por outra banda a posta en produción do territorio precisa do seu entendemento como sistema: é necesario que todo estea activo para o correcto funcionamento de cada parte (accesibilidade ao monte, acumulación de auga nas fontes, limpeza dos regos, ...) O tema plantexa formas de dispor de solos en desuso a escala de aldea (aluger de terras, pequenas reorganizacións do parcelario, ..). Trátase de deseñar estratexias para o uso destes solos, con propostas de solapamento de actividades en función da biodiversidade, introducindo posibles formas de xestión.

3 **Morfoloxías:** Poboamentos tradicionais e novas formas de asentamentos. Relación da residencia co espazo de traballo. Ideación de economías de base territorial. A desexable transformación dos bens da terra que lle engadan valor e cualidade ao produto comercial vai acompañada da necesidade de dispor de espazos para ubicar naves e construcións de certa magnitude. Proponse a análise de posibles modelos territoriais para a ubicación destes volumes, con reflexións sobre o modelo disperso, fronte á posibilidade de dispor de espazos que reúnan estas construcións. Elaboración dun borrador normativo que regule as morfoloxías propostas.



Curso de Verán UDC, F. Vicente Risco e Concello de Allariz, 2008. Morfoloxías.

2^o día xoves 12

10:00 Presentación de proxectos innovadores agroalimentarios. José Manuel Andrade. Director Fundación Juana de Vega.

11:00 Mesa redonda: Proxectos singulares en Allariz. Retos e necesidades. Dir. Bernardo Varela.

12:30 Traballo nas mesas cos axentes locais.

16:00 Propostas para Allariz. Marta Somoza. Dr.Arq

17:00 "Una mirada sobre el territorio: P. D. Valls Bas i del Ges i el Bisaura". Ricard Pié, Arquitecto .

18:00-20:00 Traballo dos grupos.

3^o día venres 13

09:30 "Sobre el paisaje" María Goula, Dra. Arquitecta

10:30 "Estratexias par o rural do século XXI". María do Mar Pérez Fra, Dra. en Ciencias Económicas,

12:00 "Planificación y gestión de los paisajes culturales" Cristina del Pozo, Dra. Arquitecta.

13:00 "Flujos ambientales en la configuración de los paisajes" Albert Cuchí, Dr. Arquitecto.

16:00 Traballo de grupos.

19:00-20:00 Posta en común dos traballos.

4^o día sábado 14


9:00 Traballo de grupos

11:00 "Ría de Arousa: a space of environmental complexity". Sir David Chipperfield, Arquitecto tradución simultánea por Manuel Rodríguez.

12:00-14:00 Traballo de grupos

16:00-18:00 Presentación traballos. Acto de clausura

4




A.R.I. dos lugares da parroquia de Sta. Mariña. Oficina técnica Municipal de Allariz

4 **Plan de interpretación do patrimonio arqueolóxico.** Proposta de dinamización do patrimonio local apoiado na exposición de información das riquezas da zona. Posta en valor dos restos arqueolóxicos e interpretación da paisaxe histórica asociada ao xacemento, abrangendo o espazo funcional e visual na contorna do castro. Análise dos tipos de contidos posibles, dos elementos estruturantes e dos fitos significativos na elaboración da información exposta.


5

5. Fluxos: enerxía e auga. Análise da produción e consumo de enerxía no territorio de estudo. Posibilidades de enerxías renovables con propostas de integración das infraestruturas necesarias. Redes de auga superficiais e subterráneas. Propostas de xestións de auga e renovación das redes tradicionais de rego.



Estudio del riego en la parroquia de Valverde, Allariz. Marta Somoza

6



PDU de les Valls d'en Bas i del Ges i el Bisaura. Equip Bcpn. Dir. Ricard Pié

Novas paisaxes. A topografía labiríntica, con pequenos vales e colinas que se suceden en curtas distancias, e os primeiros asentamentos castrexos nos altos, conforman o sustrato base sobre o que se desprega unha paisaxe tradicional, resultado da transformación do territorio a longo de séculos en base a un sistema agrario tradicional, que combinaba agras de cultivo, prados e monte. As dinámicas actuais de poboación e economías de base territorial han de conducir á evolución desta paisaxe agraria tradicional, mantendo valores de identidade e introducindo novos códigos de lectura.